

**O que debe
incluír o
Diario
Filosófico**

**Resumos do que
traballamos nas clases**

1. Tomamos apuntamentos en todas as clases. Incluímos as explicacións, exemplos e suxestións de reflexións, aportacións, disertacións...
2. Unha vez por semana reunimos e damos forma aos nosos apuntamentos.

Disertacións

De autoría propia.
Sobre un tema ben definido.
Coa estrutura propia dunha Disertación. As instrucións atópanse na A.V. e na páx.18 do libro de texto.

Comentarios de texto

De autoría propia.
Coa estrutura propia dun Comentario de texto filosófico. As instrucións atópanse na A.V.

Reflexións persoais

De autoría propia.
Ben argumentadas e sobre temas tratados ou suxeridos na clase e sobre temas ou cuestións interesantes para nós.

Actividades

Propostas na A.V. ou nas clases.

Aportacións

Poden ser poemas, debuxos, letras de cancións, recomendacións de películas ou libros... O importante é explicar que é o que as fai interesantes.

Cando e onde facer o Diario

Cando: Todos os días, semanalmente e os toques finais (Portada, repaso...) xusto antes da data de entrega. **De nada serve darse unha malleira un ou dous días antes da entrega. Só indica que non traballamos nun "diario". Non é un mérito, senón falta de organización e/ou interese.**

Onde: Nas clases e na casa.

**Os materiais que podemos
empregar**

Podemos e debemos fundamentar os nosos Comentarios, Disertacións, Reflexións e argumentacións investigando en libros, artigos, páxinas de internet... con certas precaucións:

***Seleccionando ben a información fiable e adecuada.**

***Distinguindo ben o que é recoller información do que é copiar ou plaxiar. Páx. 17 do libro de texto, 2.1. Uso e análise crítica das fontes.**